

ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA - NOTA INFORMATIVA XERAL

Rev. 23/09/2025

INTRODUCCIÓN

A Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE) é unha enfermidade infecciosa producida por un **virus que se transmite aos animais a través da picadura de insectos do xénero *Culicoides spp.***, os mesmos insectos que transmiten a Lingua Azul.

Afecta especialmente a cervos, gamos e corzos aínda que tamén a bovinos e ovinos (moi raramente a cabrúns). **Non afecta ao home**, as persoas non se infectan nin pola picadura do insecto transmisor, nin por contacto con animais infectados nin polo consumo de produtos de orixe animal (carne, leite...) destes animais.

Non é contaxiosa entre os animais; a única vía de transmisión, cando circula o virus, é a través da picadura dos insectos vectores, e polo tanto a súa aparición nos animais se pode producir mentres o insecto vector estea circulando no ambiente. Existe entón, un **período de circulación do vector (aproximadamente desde abril a decembro**, dependendo das condicións climáticas de cada ano) e un período de ausencia de circulación do vector, e por tanto de enfermidade, nos meses de inverno.

É unha enfermidade grave en cérvidos (principalmente cervos, menos en corzos ou gamos). No gando vacún adoita cursar asintomaticamente ou producir síntomas moderados (febre, lesións na mucosa bucal ou nasal ou inflamación dos rodetes coronarios) e xeralmente cura en aproximadamente 2 semanas, aínda que nalgúns casos poden existir animais con afectación máis grave e que excepcionalmente pode conducir á morte do animal. Existen tamén animais nos que poden persistir determinadas secuelas como coxeiras ou perda de condición corporal.

O gando ovino é menos sensible, de forma que aínda que se poida infectar, é moi pouco frecuente a aparición de síntomas. O gando cabrún é moi pouco susceptible á infección.

Esta enfermidade está incluída na listaxe de enfermidades de declaración obrigatoria na Unión Europea, que impón medidas en relación cos movementos de animais sensibles con orixe en zonas afectadas, a fin de evitar a súa propagación a outros territorios da Unión Europea.

Cómpre sinalar que **non existe tratamento curativo específico fronte ao virus da EHE**, aínda que si é posible realizar tratamento sintomático aos animais que o precisen.

Existen varias vacinas comercializadas para uso en bovino fronte o serotipo 8 da EHE (HE-PIZOVAC e Syvac® EH Marker), circulante en Galicia. Ambas vacinas son produtos de libre



dispensación en establecementos retalistas de venda de medicamentos veterinarios, previa prescripción con receita por unha persoa veterinaria clínica.

O infección nos animais confírelles inmunidade natural polo que, tras dúas tempadas de circulación do virus en Galicia (2023 e 2024), é esperable unha menor incidencia e afectación dos animais nos seguintes anos.

EVOLUCIÓN E SITUACIÓN

A EHE está presente en América do Norte, Asia, África e Oceanía pero nunca fora notificada en Europa ata outubro de 2022, cando foi detectada en Córcega, Sicilia e tamén en novembro en España, nas provincias de Cádiz e Sevilla.

En 2023, o virus foi estendéndose cara o norte da península e así en Galicia o 20/09/2023 foron notificados os dous primeiros focos de EHE localizados en dúas explotacións bovinas nos concellos coruñeses de Abegondo e A Capela. A final da temporada de circulación do vector transmisor un total de 624 explotacións bovinas de Galicia presentaron resultados analíticos positivos a EHE.

Na seguinte temporada de circulación vectorial en 2024 detectáronse en Galicia máis de 2.200 explotacións nas que algún bovino con sintomatoloxía compatible coa EHE presentou resultado positivo laboratorial, o que supón un 12.7% do total das explotacións bovinas existentes.

Entre os meses de marzo e maio de 2025 a Consellería do Medio Rural realizou un estudo, con toma de mostras en máis de 300 explotacións bovinas de Galicia, para ter un coñecemento real da circulación do virus. Os resultados obtidos reflicten que un 81 % das explotacións bovinas galegas tiveron circulación viral. Este dato indica que a enfermidade cursa sen síntomas ou con síntomas leves na maioría dos animais afectados.

Dende a aparición da enfermidade en Galicia en setembro de 2023, todo o territorio galego é considerado zona restrinxida (ZR) de EHE. Este mesmo estatus sanitario foi adquirido igualmente polo resto de territorios do Estado, como se pode apreciar neste mapa (zona coloreada agás as Illas Baleares e Canarias), situación que se mantén na data actual.





Igual situación presenta Portugal, país que como España mantén todo o seu territorio peninsular como zona restrinxida fronte á EHE.



Mapa de situación de Portugal a 15/07/2025

https://www.dgav.pt/wp-content/uploads/2025/07/Informacao_DHE_atualiz2025_07_15.pdf

A consideración dun territorio como zona restrinxida para a EHE implica unha serie de condicionantes en relación ao movemento dos bovinos, ovinos e cabrúns.

Así:

- 1.- O movemento tanto para vida como para sacrificio entre territorios en toda a zona peninsular nacional (zona restrinxida) como é Galicia é posible só co cumprimento de que os animais non amosen síntomas compatibles coa EHE no momento do traslado.
- 2.- No movemento desde todo o territorio peninsular español restrinxido (como é Galicia) cara á zona libre nacional (Balears e Canarias), tanto para vida como para sacrificio, ademais da ausencia de síntomas, os vehículos deben estar desinsectados e os animais tratados cun repelente (movemento para sacrificio) ou desinsectante.
- 3.- O movemento para vida desde todo o territorio peninsular español (como Galicia) a Estados membros da UE, está condicionado ao cumprimento das medidas sanitarias adicionais establecidas no Regulamento Delegado (UE) 2020/688 da Comisión, de 17 de decembro de 2019.
- 4.- O movemento para sacrificio a Estados membros da UE non ten requisitos adicionais relacionados coa EHE.

Estas condicións (caso 3) en resumo, son algunha das seguintes posibilidades:

- Os animais permaneceron mínimo 60 días nun territorio estacionalmente libre do insecto transmisor (época do ano na que se demostra que non existe vector e polo tanto non é posible a transmisión da enfermidade)



ou

- os animais permaneceron mínimo 28 días nun territorio estacionalmente libre do insecto transmisor e teñen unha proba serolóxica negativa de mostras recollidas tras como mínimo 28 días de permanencia nese territorio libre do vector,

ou

- os animais permaneceron mínimo 14 días nun territorio estacionalmente libre do insecto transmisor e teñen unha proba PCR negativa de mostras recollidas tras como mínimo 14 días de permanencia nese territorio libre do vector,

ou

- os animais están vacinados fronte a EHE, coa vacina en vigor, e administrada mínimo nos 60 días antes do desprazamento; ou teñen proba PCR negativa en mostras recollidas mínimo 14 días dende o inicio do período de inmunidade tras a administración da vacina.

Existen acordos con Portugal, Francia, Italia e Grecia para permitir o movemento para vida de bovinos, ovinos e cabrúns entre estes países e España, con medidas máis flexibles cas indicadas:

- Condicións de movemento a Portugal relativas á infección pola EHE: explotación sen circulación viral, animais sen síntomas e desinsectados nos 14 días previos ao transporte e vehículos desinsectados.
- Acordo Hispano-Francés: animais sen síntomas en inspección clínica nas 24 horas previas ao movemento e vehículos desinsectados. Se o destino é zona libre ou un centro de recollida de seme, os animais deben ter resultado PCR negativo realizado en mostras tomadas 14 días trala desinsectación dos mesmos e manter a desinsectación ata destino.
- Acordo Hispano-Italiano: animais sen síntomas en inspección clínica nas 48 horas previas ao movemento. Se o destino é zona libre, a maiores os vehículos deben estar desinsectados, os bovinos deben ter resultado PCR negativo realizado en mostras tomadas 14 días trala desinsectación dos mesmos e manter a desinsectación ata destino; os ovinos deben estar desinsectados nos 14 días previos ao traslado e manter a desinsectación ata destino.
- Acordo Hispano-Grego: animais sen síntomas en inspección clínica nas 24 horas previas ao movemento e resultado PCR negativo realizado en mostras tomadas 14 días trala desinsectación dos mesmos, e manter a desinsectación ata destino.

MEDIDAS PREVENTIVAS A LEVAR A CABO

As únicas medidas preventivas posibles a levar a cabo respecto a esta enfermidade, son a protección inmunolóxica dos animais mediante a **vacinación**, así como medidas encamiñadas a evitar o contacto dos animais co insecto vector, que é a única vía de infección.



Recoméndase a aplicación das seguintes medidas, sempre que sexa posible:

- Evitar a existencia de posibles zonas de cría do insecto transmisor nas explotacións, fundamentalmente zonas con lama ou materia orgánica húmida, de predilección para estes mosquitos.
- Utilizar preventivamente desinsectantes ou repelentes nas instalacións, nos medios de transporte ou nos animais, nos casos que se considere oportuno.
- Sempre que sexa posible, protexer as aberturas das instalacións nas que estean albergados os animais con mallas con diámetro de paso igual ou inferior a 5 mm, e preferentemente tratadas con insecticidas.
- Supervisar diariamente os animais, especialmente en manexo en extensivo.
- Atención temperá en animais enfermos, con subministro adecuado de auga e comida para evitar a perda da condición corporal.
- Tratamento veterinario sintomático o antes posible.

As recomendacións de protección fronte o vector, **manteranse ata que chegue o período de ausencia de circulación do insecto no ambiente, que esperamos comece no mes de decembro.**

No caso de detectar animais con sintomatoloxía compatible coa enfermidade, debe comunicarse esta circunstancia de xeito inmediato aos Servizos Veterinarios Oficiais (SVO) da Consellería do Medio Rural.

Nestes enlaces pódese atopar máis información sobre esta enfermidade:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-animal/programas-oficiais/enfermidade-hemorragica-epizootica-ehe>

https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/hemorragica-epizootica/Enfermedad_hemorragica_epizootica.aspx#:~:text=Lista%20de%20insecticidas%20de%20uso%20en%20entorno%20ganadero

Para calquera aclaración, poden contactar cos servizos veterinarios oficiais nas Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2025

Servizo de Sanidade Animal

Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias